

## BIO ANDREA COSTAS

Artista visual e mestra. Desenvolve a súa labor creativa utilizando diversas linguaxes como instalación, vídeo ou performance, aínda que é mais coñecida polo seu traballo fotográfico. A súa persoal narrativa soe tratar temas tan cotiáns coma universais dende unha perspectiva emocional e psicolóxica. As súas pezas foron mostradas en exposicións como *A paisaxe e a súa pegada* (Casa do Cabido, Santiago de Compostela, 2019); *Alivio* (Alterarte, Ourense, 2011); *Mapas creativos. Novos nomes na arte galega* (Galería Orígenes, A Habana, 2008); *Marxes e mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, Compostela, 2008); *La jeune création photographique en Galicia* (Toulouse, 2007); *La buena vida* (CGAC, Compostela, 2006); *O Feito Fotográfico* (MARCO, Vigo, 2004). Así mesmo, a súa obra foi premiada en certames como Novos Valores (2001), Injuve (2002), Artes Plásticas Ourense (2007). Aparte dos libros de fotografía *Formas de Ser* (CEF 2002) e *Persoal e transferible* (CEF 2006), tamén é co-autora xunto Yolanda Castaño do libro *Cociñando ao pé da letra* (Galaxia 2011), evidenciando unha vez máis a súa permeable curiosidade cara á creación.

## PROPOSTA

Unha presentación comentada de traballos persoais seleccionados dende o ano 2000 ata a actualidade. Un percorrido no que se explicará cada traballo dende a súa xénese ata a formalización final, pasando polas incertidumes propias dos proxectos de creación. A exposición, clara e cercana, pretende tamén provocar debate sobre os temas abordados nas distintas pezas (o paso do tempo, a exposición do corpo e a intimidade, a familia, a identidade...)